

Mónica de Nut. Máis que un obradoiro de técnica vocal.

- [Lingua Castelá e Literatura](#) [1] |
- [Lingua Galega e Literatura](#) [2]

Start: 19/01/2018 10:00
Timezone: Europe/Madrid

Dende as materias de **Teatro e Artes escénicas** pareceunos imprescindible iniciar ao noso alumnado á técnica vocal así que pensamos que a artista e profesora [Mónica De Nut](#) [3] sería unha boa idea.

O xoves 18 de xaneiro non so o confirmamos, senón que asistimos a un obradoiro de voz que foi moito máis que iso. Vintecatros estudantes de Bacharelato compartiron con Mónica de Nut aprendizaxes teóricas frescos, divulgativos e nada pesados; aos que lle seguiron exercizos físicos e de experimentación vocal cos que nos deshibimos e descubrimos que, efectivamente somos instrumentos de vento con aire dentro. Houbo risas e ninguén con ganas de marchar; concentración máxima. Despois, ela no teclado e nós na búsqueda da nosa voz. Tarefa difícl. Somos máis agudas que graves? A que notas podo chegar?. Mil preguntas; seguimos abrindo fiestras.

Despois de tres horas de traballo tocaba disfrutar. Mónica de Nut dendo o escenario compartía a súa paixón polos cachibaches electrónicos, pedaleras e amplis para seguir xogando con este instrumento que levamos dentro. E así entre cables e música electrónica Mónica de Nut colleu de maleta e iniciou sen darnos conta unha performance hipnótica, unha viaxe ao lírico, ao canto difónico gutural, á música tradicional, a búsqueda de novas sonoridades; viaxamos a Portugal, a Italia, a Mongolia; sufrimos de amor e de rabia. **Haberíamos de felicitarnos pola nosa resistencia**, dicía en loop unha Mónica de Nut entregada sen reservas a un público adolescente que se emocionou; houbo lágrimas e un silencio tan poético como esperanzador cando día tras día convivimos rodeados dun ruído que nos alonxa.

Foi especial. Foron catro horas nos que vintecatros adolescentes experimentaron con contidos que os *mass media* desterran. Hai vida moito máis alá dun *talent show* e, ademáis de enriquecedora, é entretida. Cultura e entretenemento, será tan difícil ?

Un pracer.

(en breve teredes rexistro audiovisual da experiencia)

URL de Orixe (recibido en 19/09/2024 - 00:33):

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iespraiabarrana/node/562>

Enlaces:

[1] <https://www.edu.xunta.gal/centros/iespraiabarrana/taxonomy/term/58>

[2] <https://www.edu.xunta.gal/centros/iespraiabarrana/taxonomy/term/48>

[3] <http://www.monicadenut.com/>

